

América Latina: da resistencia á nova integración

Modesto Emilio Guerrero

Despois da década neoliberal, América Latina busca novos camiños de integración. Este novo integracionismo diferénciase dos transitados no século XX polo seu maior contido social e primordialmente plebeo. Isto exprésase baixo distintos nomes e formas de arriba a abaixo na sociedade, pero concrétese. Sostense en movementos sociais, loitas polos dereitos elementais e organizacións emerxentes. Entre as expresións gobernamentais, a máis avanzada é o réxime bolivariano de Venezuela. O “chavismo” como movemento nacionalista de esquerda, que representa hoxe en América Latina un sentimento masivo e o nome do novo proxecto de integración antiimperialista. A ALBA, Alianza Bolivariana das Américas, é a bandeira política internacional dese proxecto.

A perigosa soidade de Bush

Esta tendencia manifestouse en cada escenario internacional onde se puxo a proba. Un xornalista recoñecido polos servizos ao goberno de Washington, Andrés Oppenheimer, resumía ben dende o seu punto de vista o 23 de outubro de 2005:

“Cando o presidente George W. Bush viaxe a Arxentina para o IV Cumio das Américas, probablemente se atope en soidade... non terá un aliado poderoso para axudalo a defender as súas políticas. Non é unha casualidade que no Cumio Iberoamericano celebrado recentemente en Salamanca (España) os presidentes de América Latina e España humillaran publicamente ao goberno de Bush ao aprobar a máis forte condena até o de agora ás sancións económicas de EEUU contra Cuba”.

O artigo “Bush, demasiado só en América Latina”, publicado no diario *La Nación* de Bos Aires, é unha confesión das tendencias actuais da política hemisférica. Oppenheimer sostén a afirmación de que o único presidente con influencia política na rexión é Hugo Chávez, de Venezuela, o opositor máis duro dos norteamericanos. *Contrariu sensu*, o mellor aliado de Bush ao sur do Río Bravo, é Álvaro Uribe, presidente de Colombia, a quen “ninguén coñece”, informa o analista.

Esa realidade social e política é a que explica a vitoria máis transcendente desta nova resistencia e busca de integración defensiva: a derrota do ALCA (Acordo de Libre Comercio das Américas) o proxecto máis perfeccionado de Estados Unidos para exercer o seu control totalitario sobre o hemisferio.

O fenómeno integracionista é unha das manifestacións da resistencia no continente dende a constitución das súas nacionalidades. Durante máis de cen anos

apareceu baixo as formas máis diversas, non sempre a cabalo de movementos de masas ou de gobernos de esquerda, senón que máis ben foi o discurso de sectores burgueses desprazados que invocaban a anfictionia bolivariana para protestar polos monopolios imperialistas e polas oligarquías locais. De alí o fracaso reiterado xeral de todos os proxectos de integración coñecidos, e o que é máis notorio, que non fose un tema de interese para a xente común. O integracionismo quedou reducido aos discursos oficiais e ritos de ocasión patriótica.

Por primeira vez nun século está xurdindo un sentimento de integración latinoamericana sobre as bases plebeas, é dicir que tende a transcender os esvaradíos corredores oficiais e é de interese e coñecemento para a xente da rúa. Ademais do impulso dado polo fenómeno bolivariano, este sentimento integrador foi nutrido polas poderosas mobilizacións masivas dos movementos que poderíamos abicar coidadosamente no que se denomina “antiglobalización”. Foi visíbel no ambiente que rodeou o IV Cumio das Américas, do 4 e 5 de novembro en Mar del Prata, e en todos os movementos anticumio anteriores. De feito, constitúe unha das principais preocupacións dos estratexos do Pentágono.

Os novos desafíos do Sur

Un dos exemplos máis rutilantes foi a constitución do “Grupo dos 22”, promovido por Brasil, Venezuela e Arxentina a finais de 2003, para defender os prezos das materias primas, o estilo das agrupacións de países nacionalistas das décadas quentes do terceiromundismo da segunda posguerra.

Outro feito é a posta en marcha dun novo Mercosur durante 2004, despois das súas repetidas mortes por efectos neoliberais. Este bloque vive unha nova realidade co ingreso de Venezuela como “membro pleno” do bloque dende outubro de 2005. Isto complementábase coa integración de Perú, Ecuador e México como “membros invitados” dende 2003. O Mercosur, que por dez anos foi o bloque comercial máis representativo do neoliberalismo, demostrou a estraña capacidade de sobrevivir a si mesmo. Hoxe está perante o dilema de converterse no seu contrario, condicionado pola presión imperialista sobre as economías e Estados que a compoñen. Co ingreso de Venezuela, o Mercosur tende a ser unha zona de defensa limitada ao control ianqui.

A constitución en outubro de 2004 da Comunidade Sudamericana de Nacións (CSN) na bucólica cidade quechua de Cuzco representa a máis ampla formación paraestatal subrexional alcanzada dende a falida Gran Colombia do Congreso Anfictiónico de Panamá (1823). A pesar de non ser máis que un acordo institucional de Estados capitalistas semicoloniais, é a unidade política de nove países latinoamericanos, que inclúe a dúas das súas tres economías máis grandes e ao país petroleiro clave do continente. O chamativo é que esta expresión sudamericana nace o mesmo ano 2004 no que o ALCA caía vencida pola forza.

Despois da formación da CSN, xurdiron expresións e proxectos máis concretos dese novo proceso de integración. PetroAmérica, PetroCaribe, PetroAndina, PetroSur e, dende mediados de 2005, TeleSur, a primeira canle internacional de noticias que pretende enfrontar o imperialismo no terreo do control social da información. Algunhas destas entidades son instrumentos funcionais da vida económica dos países, dos cales os efectos políticos comezaron a molestarlles aos estratexos hemisféricos.

O goberno venezolano investiu, entre 2003 e outubro de 2005, máis de 60 millóns de dólares en forma de investimento directo para facer andar estes proxectos de integración. En xuño de 2005 asinou coa República de Cuba o primeiro pacto Inter-estatal da ALBA, de moi curto alcance continental polo peso individual de ambos socios, pero altamente simbólico do que se pretende para todo o continente. É unha demostración de vontade política para indicarlle a América Latina o camiño oposto ás presións estadounidenses, e tentar a gobernos chamados de “centro-esquerda” en Arxentina, Brasil e Uruguai, que rin a Chávez pero negocian con Bush.

Até o 2002, o goberno bolivariano dedicáballe non máis de cincuenta dos seus funcionarios especializados en integración ao desenvolvemento destes proxectos. Ese “investimento” de recursos pasou a máis de 300 expertos e funcionarios concentrados en realizar as distintas integracións parciais, no económico, político e social. A nova consigna usada é “facer a integración por arriba e por abaixo”, xa que o tempo gastado en facela só por arriba non deu bos resultados.

É entendíbel o mal humor de Roger Noriega, subsecretario de Asuntos Hemisféricos dos Estados Unidos cando dixo: “*Preocúpanos o que se fai e o que se quere facer con PetroCaribe*”⁽¹⁾. Este acordo enerxético, quizais o máis aceptado do avanzado até agora, recibiu 10 millóns de dólares de investimento inicial de Venezuela. É nada, se o medimos na escala do mercado internacional e na relación de Estados. Pero é moitísimo potencialmente, se o contrastamos co dato de que a Conca do Caribe foi, dende 1830, a zona de dominio máis segura de Washington no hemisferio. Que sexa disputada por un pequeno país petroleiro como Venezuela é unha anomalía que chama a atención.

A integración por abaixo

Estas expresións teñen a súa correspondencia na base das sociedades latinoamericanas. Durante o bienio 2004 e 2005 realizáronse en América Latina 19 encontros de organizacións populares, campesiñas, sindicais, de intelectuais, culturais e de medios militantes alternativos. Once deses encontros tiveron lugar en Venezuela.

O máis importante, pola súa transcendencia, foi o III Encontro Mundial de Solidariedade coa Revolución Bolivariana, en abril deste ano, que congregou a un-

(1) EEUU, preocupado por la petrolera del Caribe que impulsa Venezuela, Roger Noriega, diario El Nacional, Caracas, xaneiro de 2005.

has 2.000 representacións de medio planeta. Dirixentes de 27 países intercambiaron experiencias políticas, tecnolóxicas e científicas cos movementos sociais de Venezuela nas áreas máis diversas: hábitat e vivenda, conxestión de empresas, xeoestraxia e militarismo, experimentos de socialismo durante o século XX, etc.

Seguiuno en importancia o Festival Mundial da Xuventude, con máis de 5.000 mozos e mozas compartindo experiencias de resistencia deste segmento social. Dun signo cultural semellante resultou o Encontro Mundial de Intelectuais, celebrado en Caracas en novembro de 2004, onde se deron cita autores de recoñecemento mundial, local e nacional que debateron sobre os grandes problemas da civilización na actual etapa histórica.

Tamén se expresaron neste período dous dos movementos máis postergados polo capitalismo: por unha banda, os campesiños, convocados pola organización *Vía Campesina*, a máis grande agrupación de traballadores rurais loitadores que existe no mundo actual; e pola outra, os indíxenas, que por primeira vez recoñeceron a orixe do que algunha vez foi a América visitada por Cristóbal Colón. Ambos sectores sociais organizaron encontros de milleiros dos seus activistas en Centro América, Caracas e Brasil. Alí reuníronse os dirixentes e cadros políticos dos movementos ecuatorianos que protagonizaron revolucións dende 1997, e máis os indíxenas bolivianos que lograron organizarse en partidos políticos como o que dirixe o “*aimara*” Evo Morales, que conta coa forza propia para exercer o goberno no altiplano.

Iso de vivir sen patrón

Unha das expresións de maior impacto desta nova busca de unidade latinoamericana dende abaixo, realizouse os días 27, 28 e 29 de outubro de 2005 na capital venezolana. Foi a primeira reunión de empresas e fábricas sen patrón de América Latina. De feito, nunca ocorreu algo semellante na historia do movemento obreiro mundial.

Unhas 300 fábricas e empresas, das case mil existentes no continente, enviaron 600 delegados para debater tres grandes temas do anticapitalismo actual: a) como se logrou ocupar, resistir e producir nas crises capitalistas de 1995 a 2002, b) que produtos, mercadorías e coñecementos se poden intercambiar entre elas en forma autónoma; e c) como impulsar leis de expropiación de fábricas abandonadas polos seus patróns dende o Parlamento Latinoamericano, as centrais sindicais e os parlamentos nacionais. Para isto, asistiron una vintena de deputados, especialistas e avogados.

Esta experiencia representa unha das mostras máis relevantes das últimas loitas do continente, a outra cara da descomposición que vive o capitalismo na súa fase actual. Poder demostrar –aínda en forma limitada e sen que medie una revolución obreira– que se pode traballar, producir e manter ás familias sen a presenza dun patrón capitalista individual, é un apoteósico feito político. Vai máis alá do seu acotado peso nas economías nacionais ou no mercado mundial.

Do total das empresas recuperadas, unhas 215 funcionan en Arxentina, 11 en Uruguai, 4 en Brasil, 7 en Paraguai e algunhas en Ecuador e Bolivia⁽²⁾. Venezuela é un caso particular, pois alí existen unhas 600 unidades con estas características e proxéctase poñer baixo este réxime a outras 700 empresas entre finais de 2005 e mediados de 2006. Esta cantidade non ten explicación sen a dinámica do proceso revolucionario que vive o país, onde os patróns retroceden ante a forza dos obreiros agrupados na Unión Nacional de Traballadores. Esta presión moitas veces vén acompañada polo goberno, que favorece medidas legais, políticas e financeiras para que os traballadores poidan obter peso social na produción industrial e campesiña.

Este Primeiro Encontro Latinoamericano de Empresas Recuperadas foi patrocinado, entre outros, polo Ministerio de Integración de Venezuela, porque se entende como unha acción máis no camiño da construción da ALBA. Favio Rencino, dirixente da cooperativa de traballo do hotel recuperado BAUEN, de Bos Aires, comentouno así: “*O Encontro de recuperadas é a ALBA, pero (é) por abaixo, onde os traballadores tratamos de mostrar ao mundo que outro mundo é posíbel dende outra visión do mundo*”.

A imaxe dos Estados Unidos

Estamos en presenza dun novo ciclo de resistencia antiimperialista en América Latina. E cada ciclo fixo agromar profundas tendencias integracionistas.

En xullo de 2002, en plena crise política e social en Arxentina, Venezuela, Ecuador, Bolivia, Paraguai e Brasil, o diario *The New York Times* realizou unha enquisa entre 87 dos seus correspondentes no hemisferio. O tema foi a visión que teñen os latinoamericanos do goberno dos Estados Unidos. Nesa enquisa, 83 deles sostiveron que medrara o odio contra todo o que representara EEUU.

Dous meses despois, a consultora de opinión de Graciela Röemer, de Arxentina, fixo un estudo de opinión nas poboacións da capital e o Gran Bos Aires, os dous centros do chamado “arxentinazo” que derribaron ao goberno de Fernando de La Rúa o 19 de decembro de 2001. O 76 por cento dos consultados culpáron aos Estados Unidos, ás súas empresas e ao Fondo Monetario Internacional pola crise do país ese ano.

Os ciclos da resistencia

Esta situación nace de dúas grandes forzas. A primeira é unha forza histórica-subxectiva, que é a memoria de máis de cen anos de resistencia contra o dominio imperialista, xurdida do triunfo continental sobre os imperios europeos durante o primeiro terzo do século XIX.

(2) Ministerio de Industria Lixeira e Comercio de Venezuela. Informe elaborado pola economista Eliduvina Salazar, Caracas, outubro de 2005.

A outra forza é actual e concreta: dende os anos 1999-2000 América Latina presenciou loitas múltiples e de variado contido, que significaron unha intensificación do odio antiianqui e unha nova procura integracionista. A relación entre o novo integracionismo e a tradicional resistencia antiianqui é un vello conto en América Latina.

A “*revolución bolivariana*”, o “*chavismo*”, se tomamos o apelativo do seu caudillo máis activo e resoante, non é outra cousa que o nome adoptado por unha vertente do antiimperialismo na década que rematou. “*Bolivarianismo*” é sinónimo de antiimperialismo. O seu carácter heteroxéneo é, soamente, unha das súas condicións de existencia.

Pero este nacionalismo de finais do século XX e comezos do XXI, está desfasado tres ou catro décadas das correntes clásicas do nacionalismo latinoamericano. De alí nácenlle as súas características *sui-xéneris*.

O primeiro ciclo apareceu en 1918, tralo fin da I Guerra Mundial e a creba dos imperios. Alessandri en Chile, Irigoyen en Arxentina, a Revolución Mexicana coa súa famosa Constitución democrática de Querétaro, ou a insurrección de Charlemagne Peralte en Haití, son algúns dos seus máis soados exemplos.

A segunda irrupción de movementos nacionalistas vai de 1930 a 1943. E produciuse en medio do reacomodo xeral que viviu o sistema imperialista mundial, e a relativa liberdade de movemento que lles deixou Estados Unidos ás burguesías latinoamericanas. Washington favoreceu un limitado desenvolvemento industrial que lle permitiu concentrarse na industria bélica. O súbito enriquecemento vivido por moitas burguesías latinoamericanas coa II Guerra Mundial permitiu a formación de ramas capitalistas nacionais importantes.

A terceira etapa do nacionalismo nace na segunda posguerra. Nunca máis o nacionalismo de América Latina puido apoiarse nas sólidas burguesías nacionais. Non é por casualidade que xurdiran movementos nacionais fortes, cuxas pegadas aínda se senten a finais do século: o Peronismo en Arxentina (por Juan Domingo Perón); o Varguismo en Brasil (por Getulio Vargas); Ibáñez en Chile; o Movemento Nacional Revolucionario en Bolivia; a APRA (Alianza Popular Revolucionaria Americana) en Perú, que asume un rol de forza nacional despois da guerra, a pesar de que naceu 15 anos antes.

Xa que logo, o “*chavismo*” ocupa o quinto ciclo da resistencia en algo máis dun século.

As bases sociais de sustentación do nacionalismo contemporáneo, agás excepcións posíbeis en Brasil ou México, compóñense de movementos populares que inclúen a traballadores, desempregados, subempregados, indíxenas, campesiños sen terra, obreiros industriais e parte da clase media empobrecida, ou partes de cada un destes sectores.

O que se observa no caso venezolano (o exemplo da derradeira década que máis lonxe foi ao conquistar o goberno en 1999) é que a grande burguesía fuxiu a fume de carozo. E a que puidera ser considerada “*nacional*” non sostén ao novo nacionalismo.

O “*chavismo*”, como a expresión política preponderante do novo nacionalismo, xurdiu en medio dun proceso continental de radicalización antiianqui. Máis adiante,

nutriuse da espectacular insurrección do “Zapatismo” contra o ingreso de México no Tratado de Libre Comercio de Norteamérica (TLCAN), en decembro de 1994.

Das integracións neoliberais ás outras

América Latina foi asaltada por un verdadeiro magma integracionista na derradeira década del século XX, cun malgasto nunca visto de pactos comerciais que lle cambiou o mapa político, comercial e social.

A CEPAL (Comisión Económica para América Latina), en nome da nova orde mundial da posguerra, creou dende 1948 un proxecto para incentivar o desenvolvemento industrial integrado latinoamericano. Acudiu ao mesmo discurso de invocación bolivariana que todos os xefes de Estado usaran nas súas peroratas oficiais.

Nos anos 90 aconteceu xusto o contrario. Sen unha teoría nin proxectos, e con menos invocacións rituais, os bloques, os acordos comerciais e os tratados “integracionistas”, xermolaron coma se fosen cogomelos despois da chuvia. Conformouse un cadro informativo de acordos e tratados comerciais entre Estados.

Tomamos como base de datos os rexistros do INTAL e ALADI. Unha hemorraxia de diplomacia e negocios entre Canadá e Terra do Fogo. Asináronse un total de 183 pactos e tratados comerciais interestatais nos 45 anos que van de 1958 a marzo do 2003. Deles, 62, ou sexa un terzo do total, asináronse durante os escasos dez anos da década dos 90.

Clasificados segundo a década, os tratados e acordos repártense como segue:

- Década dos sesenta: 21.
- Década dos setenta: 18.
- Década dos oitenta (a chamada “década perdida”): 19.
- Década dos noventa: 62.

Polo tanto, 59 destes pactos comerciais asináronse en só tres anos: 1990, 1991 e 1992.

Discriminados por bloque, resulta que a Comunidade Andina asinou a maior cantidade, 38 pactos. Pero isto fíxose dende 1969, ou sexa, no lapso máis longo, comparado cos pactos asinados polo Mercosur e outros bloques na década pasada.

O Mercosur asinou 36 acordos comerciais en apenas 10 anos de existencia. Case a mesma cantidade dos pactos que a CAN, nun terzo do tempo.

- O Mercado Común Centroamericano: 33 pactos.
- O CARICOM: 21.
- ALADI: 10.
- A CAN-Mercosur coa UE: 8.
- A PICAB: 5.
- O Tlcan-Nafta: 4.
- A ALALC: 4.
- A Asociación de Estados Caribeños: 4.

- CAN-Mercosur: 3.
- A Conca da Prata: 2.
- O G3: 2.
- México-MCCA-Panamá-Belice; 2.
- O Mercosur con EEUU; 1.
- A IIRSA: 1.

• Ao final, coma se non existise, aparece na máis completa soidade, o SELA, Sistema Económico Latinoamericano, cun único acordo, asinado o 17 de outubro de 1975.

Esa masa nunca vista de acordos, xurdidos abruptamente nos últimos 10 anos, supera todos os amagues integracionistas de décadas anteriores. Non só pola cantidade en tan pouco tempo, senón, sobre todo, pola súa concreción e polos capitais involucrados. De algo parecido só brinda noticias a Europa mediterránea e central, onde a Asociación Europea de Libre Comercio, AELC e a Comunidade Económica Europea, CEE, percorreron máis de catro décadas facendo acordos con medio planeta.

No resto do mundo, os bloques, TLC, unións aduaneiras e acordos políticos interestatais foron rarezas. Comezaron a ter vida dende mediados da década dos 80 en América Latina, a cabalo do proceso de globalización. De alí a súa nova función no orde do continente. Foron as muletas do imperialismo, a falta de autoridade da Organización de Estados Americanos.

Os tratados de libre comercio serviron como anuncios reveladores que conduciron ao cambio histórico de 1990-1991, cando caeu o ex imperio soviético. Ao igual que a reedificación das finanzas, a reorganización mundial do traballo e as democracias envasadas ao baleiro.

O efecto globalizante percorreu o Cono Sur latinoamericano, pasou pola zona económica istmeña e amazónica, polas illas caribeñas ao centro e norte do hemisferio occidental. Abarcou Xapón e o sueste asiático, África subsahariana, África do norte, chegando até os países da escondida Oceanía. Todo comezou a armarse en bloques, como un xigantesco *puzzle* comercial.

Algúns deses bloques ou acordos xa existían dende a década dos sesenta. Por exemplo, a Comunidade Andina (1969), o CARICOM (1967), o MCCA (1960), o Tratado da Conca da Prata (1969), ASEAN (Asia Pacífico, 1967), AELC (Europa, 1960).

Outros xurdiron despois, como a ANZCERTA (Australia e Nova Celandia, 1982). Foron os primeiros ensaios na posguerra, derivados ou esixidos pola nova estrutura mundial de poder, fundada nos pactos de Ialta e Postdam. Con todo, ningún puido lograr unha rebaixa arancelaria forte e sostida (Maurice Niveau, 1968).

O paradoxo é que resultaron bloques de integración que tenderon a desintegrarse en permanentes pelexas por franxas e taxas da alfándega que medraban no canto de diminuír; en medidas *antidumping* e tributos protectores múltiples. A diferenza coa década do 90 está determinada porque os aranceis caeron en razón de 15-20 puntos por ano, até 1997. Até mediados da década dos 80, a media continental de aranceis aduaneiros era do 51%. En 1994 xa estaba no 12%.

En América Latina, a taxa arancelaria intermedia chegou até os 150 en 1987. Doce anos despois, non excedían do 40%. O comercio intrabloque multiplícase catro veces de media por ano en cada agrupación dende 1990. Os investimentos medraron e desprazáronse en cantidades e velocidade inusitadas. E, por último, os presidentes, ministros e técnicos dos países signatarios abicáronse a reunirse en cumios, minicumios, encontros e consellos.

A periodicidade e publicidade destas simbolizaron a nova dinámica dos feitos comerciais. Unha dinámica que ademais inclúe frugais comidas e viños de reserva. Seguindo o rexistro xornalístico, o Mercosur realizou, dende 1991 até 2000, uns 20 cumios de presidentes, chanceleres e ministros de Economía, ademais dunhas 140 reunións de “grupos técnicos”.

A Comunidade Andina leva preto de 33 cumios presidenciais entre 1970 e 1999, un pouco máis nun período tres veces maior. Pero a CAN destacou por unha profusión de reunións sectoriais, de parlamentarios, alcaldes, directores de Ministerios, funcionarios militares, artistas, expertos e empresarios por rama que sorprendería aos directores de protocolo das Nacións Unidas.

Os tres principais acordos aduaneiros e entre Estados do noso hemisferio, polo seu peso económico e político, son o Tratado de Libre Comercio de América do Norte, a Comunidade Andina de Nacións e o Mercado Común do Sur. Os tres suman o 92% da riqueza anual acumulada desta zona do mapa planetario. E constitúen, sumados, a segunda zona comercial do mundo, especialmente os Estados Unidos e Canadá, ademais de conteren a metade das economías chamadas “*emerxentes*” e dos 9 principais Estados petroleiros.

Ao final da década, o resultado é moito máis estruturado, coordinado en bloques e TLC. O sistema mundial de Estados gañou unha orde maior, polo menos superior, ao caos que trataron de resolver as Roldas Uruguai de comercio a comezos dos 80, aínda que non puido salvar ao mundo da guerra de prezos dos *commodities* e o *crack* das Bolsas de Valores en 1987.

Pero esta orde en bloques non é unha fotografía inanimada. Tardou pouco en verse perturbada polas rebelións contra o neoliberalismo, o NAFTA, o ALCA; entraron en crise moitos dos gobernos, alianzas políticas e partidos dos Estados que conformaron eses acordos e tratados. Entre 1995 e 2001, a globalización sufriu cinco crises sucesivas: México, Rusia, Asia, Brasil e Arxentina.

Dúas mostras serven para indicar o resultado. Por un lado, a “morte” sen aviso do outrora cotizado Mercosur; polo outro, o estrondoso fracaso da máis importante reunión da OMC, o 14, 15 e 16 de setembro de 2003, en Cancún, México. Esta vez non puideron botarlle a culpa aos revoltosos globalofóbicos.

A militancia antiglobalización non puido acudir a tan fermoso paraxe caribeño. Pero non foi necesario. A inmolación do campesiño coreano Lee foi suficiente para augar tan fastosa festa. Como algunhas veces, excepcionais momentos, na historia da loita de clases, unha acción individual valeu por medio millón de militantes.

ALBA, a recuperación dunha vella idea

Dende o ano 2000, o líder nacionalista Hugo Chávez Frías comezou a difundir, en declaracións de prensa e algúns discursos, a consigna ALBA, que significa Alianza Latinoamericana Bolivariana das Américas. A formulación pode revolucionar todo o que se coñecía até agora como “modelo de integración”.

Dependerá de que gañe apoio nos movementos de masas. E isto ocorrerá se a idea se lle explica a amplos sectores da poboación humilde en América Latina, inclusive algúns movementos intelectuais, e se as poboacións melloran o seu nivel de vida.

En correspondencia con isto, a proposta do caudillo venezolano xerou corrosivas molestias a Robert Zoellick e os seus *lobbyistas* encargados de pregoar o ALCA. Foron dous sinais contrapostos de que a consigna comezaba a transitar polo camiño correcto.

Chávez parte dun criterio central: o eixo (ou o “núcleo”, como el mesmo o chama) da integración latinoamericana non pode ser o dominio de Estados Unidos sobre os nosos países. Arredor deste núcleo ordena a súa condena ao ALCA e a súa proposta da ALBA. Primeiro, a integración non pode ser para producir o que Norteamérica necesita consumir. Segundo, non pode basearse no criterio económico neoliberal. Terceiro, ten que superar o “economicismo” das anteriores experiencias de integración subrexional ou rexional.

Estes son os tres presupostos demopolíticos dos que parte a idea “chavista” de integración. Visto así, como proxecto, o delineamento de ideas é altamente progresivo. Ten en contra, por agora, polo menos dúas cousas: non o acompaña ningún goberno ou Estado, agás Cuba; e aínda permanece no terreo do “discurso”, ou sexa, da enunciación de ideas xerais.

Polo de agora, a ALBA non se sostén aínda nun movemento internacional de resistencia antiimperialista, coas dimensións do que foi a Organización Latinoamericana de Solidariedade (OLAS) con base en Cuba, dende 1964, ou as conferencias dos países Non Alindados en Bandung, Arxel e outras, nos anos anteriores.

Hai un dato que destaca cando comparamos a ALBA co Mercosur. Mentres o coñecemento do bloque económico do sur quedou reducido aos seus *marchants*, á diplomacia que os acompañaba e a determinado círculo académico, a ALBA comezou a tomar corpo social case dende os seus inicios en sectores pobres de América Latina. Isto mostra a súa potencia ideolóxica e social, a pesar das debilidades teóricas coas que nace.

O substancial é que naceu e tomou un curso oposto ao que tivo o Mercosur e os bloques de integración neoliberal dos anos 90. A ALBA, aínda como referencia difusa, ten a virtude de opoñerse á máis perigosa tendencia do “integracionismo” pro imperialista dos anos 90, manifestada no ALCA e nos Tratados de Libre Comercio bilaterais.

Modesto Guerrero é xornalista, escritor e pintor venezolano radicado en Bos Aires.